

DECRETO NÚMERO 18007241 DO 03/09/2018

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 17011452, de 27 de decembro de 2017, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Técnico/a Medio/a de Xestión**, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo nº 16/713 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22.11.2017, como polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS/AS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 034, de 10 de febreiro de 2018.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 73, de 16 de abril de 2018 e anuncio no “Boletín Oficial del Estado” nº 143, de 13 de xuño de 2018.

Visto que con data do 3 de xullo de 2018 rematou o prazo de presentación de solicitudes de participación no mencionado proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobado a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 17011452, de 27 de decembro de 2017, para o acceso en propiedade a **unha praza de Técnico/a Medio/a de Xestión** pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna que a continuación se indica:

Persoal

MLP/cvi

Refª: 18drlistapro_1Técnico Medio (P.I).doc

Asunto: publicación lista admitidos/excluidos

ADMITIDOS/AS

NINGUÉN

EXCLUÍDAS

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
POMBO GALLEGO, NURIA	33331238Y	Non achega fotocopia do DNI.
SEOANE CAZÓN, EVA MARÍA	33329739W	Non achega fotocopia do DNI.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.